ABORDAXE!

Boletín informativo anarquista
nº 5 · Galiza · Febreiro 2016 · mensual

abordaxe.wordpress.com
abordaxe@bastardi.net



ENCE e a paciencia dunha cidade gris

por ***Disnomia***

O governo da Xunta de Galicia ven de resolver a prórroga das actividades contaminantes da pasteira en Lourizán por outros 60 anos, até o 2073. Continúa a hipotecarse a ría de Pontevedra, isto supón unha outra volta de porca para a saúde ambiental do territorio galego.

Logo de que en 2013 a Xunta concedera a Autorización Ambiental Integrada (AAI) á pasteira, e logo da modificación interesada da Lei de Costas perpetrada polo Ministerio ese mesmo ano, ficou claro que para o governo estatal a permanencia de ENCE na ría de Pontevedra era algo vital. O dobre xogo e a impostura mantida polo PP neste asunto destapouse finalmente en novembro pasado cando a Xunta enviou a Madrid o seu informe favorable sobre a solicitude de prórroga. Agora o governo de Rajoy en funcións remata a xogada concedendo a agardada prórroga, cecáis consciente da necesidade de máis retiros dourados (como os de Isabel Tocino e Carlos Del Álamo) no consello de administración da pasteira.

Durante anos, viuse cómo o impacto medioambiental da fábrica non soamente afecta á fauna e flora marinas da ría de Pontevedra (en cuxo límite atópanse as súas instalacións) e á propia calidade da auga, tamén afecta aos montes. Sabemos perfectamente que as casualidades non existen cando hai beneficios de por medio, e negámonos a crer que os incendios forestais que periódicamente asolan os montes galegos sexan "accidentais", considerando que ENCE adícase a fabricar pasta de papel usando madeira de eucalipto, especie alóctona que destrúe as especies locais e coa que se "reforestan" boa parte dos territorios devastados polo lume.

Máis alá das consecuencias ambientais(sen lugar a dúbidas para min as máis importantes) atópanse tamén os efectos que as emisións da fábrica teñen nas persoas que habitan os arredores. Pese ao que afirman os empresarios nos medios de comunicación cada vez que se lles pregunta acerca desta cuestión, as emisións da fábrica non só non son inocuas, senón que son altamente contaminantes. Non son poucos os casos en Pontevedra nos que pequenos escapes de gas e outras sustancias, ou fallos nas caldeiras (entre outras cousas) provocaron diferentes problemas (afortunadamente, de pouca relevancia) na poboación, como irritacións cutáneas, problemas respiratorios ou jaqueca. Por suposto, a empresa non soamente non cumpre os estándares de seguridade necesarios(aínda que confeso que, no caso de cumprílos, non se librarían dos nosos exabruptos), senón que cada vez que a súa pequena Chernobyl ten unha fuga ou unha avaría, o suceso trátase como asunto interno e nin sequera poñen en marcha os protocolos preventivos axeitados nin se advirte do desastre con tempo. Ademais, non é necesario que se produzan este tipo de fallos para que na cidade a poboación sinta a esa fábrica envelenándolles pouco a pouco, xa que o seu apestoso cheiro e o seu ceo gris oscuro cubren a urbe día sí e día tamén, ata o punto de que moitas persoas afirman estar acostumadas ao mal cheiro da fábrica (¿Esqueceron esas persoas o pracer de respirar aire limpo?). A directiva, por suposto, continúa afirmando que a fábrica de ENCE-ELNOSA de Lourizán non contamina, e que o fume é simplemente vapor de auga. Como di un refrán popular da Galiza, "Mexan por nós e temos que dicir que chove".

* continúa na páxina seguinte

Neste número

As escusas e estratexias da empresa para lograr prevalecer pese a todo isto son diversas. Desde poñerse unha hipócrita maquillaxe “verde” (con eslogans publicitarios onde falan de “xestión forestal sostible”, “produción libre de tóxicos” e demais mentiras mediáticas para convencer á cidadanía benpensante) ata prometer cambios (que nunca se producen, e que tampouco compracen), falsear as súas estatísticas para confundir ás auditorías ou saír do paso co sempiterno argumento de que a súa empresa crea postos de traballo, o que, pese a que é certo, fainos considerar as condicións de dito emprego (onde a carencia de medidas de seguridade apropiadas, os “accidentes” e a precariedade laboral están á orde do día) e sobre todo, o absurdo que supón contar cun traballo que contribúe á salvaxe explotación do territorio e da natureza. O traballo permite gañar diñeiro, pero, de qué te servirá o teu diñeiro cando as terras deixen de dar froito? Cando o mar sexa tan gris como o resto do voso mundo? Cando os demais animais se extingan e o aire torne irrespirable? A falacia do emprego fainos escravas nun sistema cuxa tecnoloxía e desenvolvimento suicida nos abocan a unha lenta agonía. Temos que agradecer aos nosos amos a oportunidade de ser explotadas nas súas fábricas e os seus centros comerciais? mentres compran as nosas vidas cun salario e rematan con todo o belo que hai nelas? Non, gracias. ENCE pode quedarse os seus sucios postos de emprego.

Toda esta masa de enganos e sensentidos non podería permanecer moito tempo en pé de non ser polas corruptelas que favorecen a esta empresa, e que, cómo non, teñen que ver cos seus chanchullos con cargos do PP e outros casposos con pasta na cidade do Lérez. Exemplo disto (un de tantos) é a trama que vencella a ENCE-ELNOSA coa Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, María José Echevarría Moreno, cuxo marido, Antonio Casal Lago, dirixe a mencionada fábrica, na que ademais a señora subdirectora ten de executiva a súa irma, Amaia Echevarría Moreno. Despois de que a APDR (Asociación Pola Defensa da Ría, organización que, pese ao seu carácter reformista, leva anos denunciando as irregularidades e excesos de ENCE-ELNOSA e esixindo a súa retirada de Lourizán) denunciáse recentemente dita trama, o seu presidente e vice-presidente (Antón Masa e Benito Andrade, respectivamente) foron ameazados por María José Echevarría mediante un burofax onde se lles chantaxeaba con que se non retiraban as súas acusacións e se retractaban nun prazo máximo de 5 días, ela iniciaría persoalmente accións legais contra a Asociación. Por fortuna, no só non se retractaron, senón que ditas accións legais por agora non sucederon.

Nós, como individualidades antiautoritarias, non cremos nin nas loitas reformistas, nin no posibilismo que, ata agora, caracterizou a loita específica contra ENCE. Non queremos nin precisamos convertirnos en filón para políticos oportunistas e recuperadores de toda cor, que convirten as loitas no seu rendable produto ou nun medio desde o que promocionarse. Con todo, non aceptamos manternos á marxe, e non toleraremos que a ENCE-ELNOSA se lles continúen pasando por alto as súas frivolidades, para que o cego “progreso” do Capitalismo industrial continúe a destruír montes, vales e mares, facendo da Natureza un cheque en branco do que extraer fondos ilimitados a costa das nosas vidas e futuro.

A Terra non se vende, e a súa defensa organízase desde a base.

¡ENCE, lárgate!



Novas



Crónica dunha XVI Marcha a Teixeiro pasada por auga

*por **O Temible Burlón***

O pasado sábado 9 de xaneiro manifestámonos, como todos os anos por estas mesmas datas, diante do Centro Penitenciario de Teixeiro. A que constituíu a décimo sexta “Marcha a Teixeiro”, resultou, nesta ocasión, pouco “marchosa”, pois en vistas da persistente choiva e da inclemencia do temporal que azoutaba as terras galegas, os escasos solidarios que nesta ocasión decidimos desafiar á meteoroloxía para solidarizarnos cxs represaliadxs do sistema optamos por concentrarnos directamente ás portas da prisión, desbotando o habitual paseo desde a gasolineira. Algo máis de medio centenar de valentes démonos cita nesta ocasión para mollarnos polos presos, empapados de choiva e solidariedade. Aínda que un numero un tanto exiguo en comparación con outros anos, nada desdeñable en vistas da pouco agradecida meteoroloxía.

E cantamos baixo a choiva: a pleno pulmón fixemos que as nosas consignas solidarias atravesasen os muros do silencio para chegar ata a galería de mulleres do infausto presidio. Tamén puidemos escoitar as respostas das presas, quizá máis tímidas que en ocasións anteriores. Os piñeiros plantados por institucións penitenciarias hai algúns anos precisamente para mitigar o efecto das nosas protestas, xa bastante medradiños, cumpriron perfectamente a súa función, obstaculizando a comunicación visual e, en menor medida, a auditiva. Os fachos que levaramos precisamente para sortear na medida do posible este obstáculo, a pesar de pasar os exhaustivos controis que, como todos os anos, os picoletos montaron nos accesos, foron interceptadas no último momento, xa en plena protesta, polos esbirros do poder, o que restou visibilidade a unha concentración programada para o atardecer por ese mesmo motivo. Con todo, os foguetes pirotécnicos que algunhas invisibles mans solidarias lanzaron sobre o recinto desde a espesura do bosque conseguiron achegar axs presxs o noso fraternal e cálido abrazo. Tamén conseguiron frustrar á picoletada que, molesta con semellante ousadía, rexistrou novamente os nosos xa rexistrados vehículos para quedar con tres palmos de narices.

Ao termo da protesta unha festa con cea e foliada incuida, celebrada nun okupado Centro Social da cidade de Compostela, serviu para estreitar lazos entre xs solidarixs chegados desde todas partes da xeografía galega.

E con isto e un biscoito... ata o ano que vén!

Máis Minas Contaminantes na Galiza: Alerta Social

O Goberno da Xunta do PP segue a pensar que "Galiza é unha mina" como proclamaba a súa campaña institucional. Despois da multitudinaria manifestación contra a Megaminaría contaminante convocada por ContraMINAcción e as miles de sinaturas recollidas, xa non o din tan claramente, mais os feitos condúcennos a pensar que así é.

A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de anunciar que se somete a información pública o expediente da solicitude do permiso de investigación mineira Isabela II, tras resolver favorablemente a admisión definitiva da solicitude presentada o 20 de xuño de 2011, pola sociedade Grupo M-FM 2001, S.L., de permiso de investigación mineira de recursos da sección C), de 156 cuadrículas mineiras, situado nos termos municipais de Zas, Santa Comba, Vimianzo e Coristanco, na provincia da Coruña.

Dificultades no acceso a información

O anuncio non facilita outra información ademais das coordenadas da superficie que será sometida a explotación. Desde Verdegaia, para facilitar a identificación da superficie afectada, trazamos a mesma en Google Maps. A superficie afectada é de 43.6 quilómetros cadrados (unha superficie equivalente a 4.360 campos de fútbol), que se encadran dentro da zona coñecida como cinto de ouro de Malpica-Tui.

Nos Concellos o público non dispón da información necesaria para facer alegacións, e para ver o expediente é necesario trasladarse ata A Coruña. Por desgracia, acotío acontece que na Sección de Minas da Xefatura Territorial, non dan moitas facilidades para ver os expedientes, e se son solicitados en formato electrónico, adoitan chegar fóra de prazo para alegar.

A Consellería debería informar ás persoas afectadas que un permiso de investigación de recursos mineiros tipo C pode converterse nun futuro non moi afastado nun permiso de explotación que podería cambiar para sempre as súas vidas.

Leis franquistas

Grazas a unha lei de minas franquista e a unha lei –tamén franquista– de expropiación forzosa, as persoas propietarias das terras afectadas poderán perder as súas terras por un xustiprezo, que normalmente non vai ser xusto. E iso no mellor dos casos, porque podería acontecer que a túa casa quedase ao pé da explotación, mais que non a expropiasen pero que tiveses que soportar ruídos, fendas, polución...

A empresa Grupo M-FM 2001, S.L., que nos últimos anos recibiu do Estado subvencións de varios centos de miles de euros para a exploración mineira, vai buscar a licenza social para a súa actividade. Para iso este tipo de empresas adoitan contratar a unha persoa que teña unha boa consideración entre a veciñanza da zona para convencer da necesidade de que permitan facer as catas nos seus terreos. Prometerán postos de traballo para aquelas persoas e as súas familias que permitan gratuitamente furar nas súas terras. Dirán que o ouro correrá polas mans de todas e todos, mais nada diso acontecerá.

Os concellos deben velar polos intereses da veciñanza

Segundo advirten dende a Asociación Ecoloxista Petón do Lobo, unha vez aprobado definitivamente o permiso de investigación mineira, os concellos xa non van poder facer nada por parar a exploración no seu dominio público, aínda que teñan prevista facer unha sondaxe no portal do Concello. Instamos polo tanto aos catro concellos afectados a que estuden o expediente, o divulguen entre a veciñanza e fagan as oportunas alegacións opoñéndose ao mesmo. Estamos a falar dun entorno humanizado, con valiosos elementos patrimoniais, explotacións agrícolas, gandeiras e forestais.

A xente ten que saber que ten dereito a non permitir que entren nas súas fincas a traballar. E que se entran, as autoridades teñen a obriga de protexer as súas propiedades, polo que poderán acudir á Garda Civil para que coiden dos seus intereses.

Se hai información e unión, no haberá licenza social

Se algunha persoa consente en que traballen na súa finca, deberá saber que se está arriscando a que nun breve prazo pode perder a súa finca e a súa vivenda. Cómpre que teñan isto en conta cando pidan unha compensación económica. As persoas cobizosas, que saiban que a empresa sempre lles vai dicir que están a pagarlles moito máis que ás súas veciñas e veciños. Habitualmente, as empresas mineiras rompen a paz social enfrontando á veciñanza entre as persoas que buscan un posto de traballo na mina e as que se opoñen ás instalacións mineiras. Para evitar este problema, recomendamos a obxectividade: que a xente se informe do que se pretende facer, e do que acontece e ou aconteceu con outros proxectos mineiros semellantes.

Consideramos prioritario que as persoas que residen ou teñan intereses lexítimos nos Concellos de Zas, Santa Comba, Vimianzo e Coristanco se informen do plano de investigación mineira e das consecuencias que podería ter, e que comparezan como parte interesada no expediente para que sexan informadas e tidas en conta no desenvolvemento deste expediente de licenza de investigación. Para iso a A.S.C. O Iríbio facilitou modelos de comparecencia no expediente. Tamén, cando a administración nos facilite o expediente, elaboraremos alegacións para que sexan presentadas polas persoas afectadas. A Plataforma pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños acordou dar charlas informativas para contrarrestar a falta de transparencia por parte da administración, facilitando así a participación pública e a defensa do ambiente, da paz social e dos intereses dos particulares das persoas afectadas.

Outros proxectos en Galiza

Dende o Sindicato Labrego Galego advirten que este non é o único proxecto mineiro que está a desenvolver a Administración. Nos concellos de Santa Comba e Zas, empresas filiais da canadense Edgewater solicitaron os permisos de investigación para ouro denominados Grixoa, Vilar e Monte Castelo que afectan a 1.680 hectáreas; e na comarca de Bergantiños as Julias (tamén de ouro) mobilizaron a toda a contorna.

Moitos son os permisos de investigación, e proxectos de explotación en tramitación en Galiza: A mina de tantalio de Forcarei (a maior de Europa), a da Terra Cha que continúan a dirimirse nos xulgados, os de Seixo de Erinsa na comarca de Ordes Compostela (8000 ha), ou todos os permisos de ouro da montaña de Lugo A Fonsagrada, Baleira, Baralla, Becerreá, etc. En Lousame está a piques de estalar un grave conflito social pois a mineira Sacyr en busca de volframio está pechando ilegalmente o acceso ao monte aos seus comuneiros.

Non entendemos como non se dá prioridade á agricultura, que é unha alternativa sustentable, con vocación de permanencia no tempo que xera postos de traballo de calidade e de futuro fronte a estas actividades destrutivas e temporais con postos de traballo precarios e de moi pouca duración.

Apoian este comunicado: A Ría Non Se Vende, A Terra Non Se Vende, Asociación autonómica Cova Crea, Asociación autonómica e ambiental Petón do Lobo, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), ContraMINAcción, Contraminate, Foro Social de Cangas, Galiza Non Se Vende, Greenpeace, O Iribio, Plataforma pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños, Plataforma veciñal Corno do Monte, Salva la Selva, Sindicato Labrego Galego, Verdegaia, Véspera de Nada, Voces polo Litoral de Teis

Carlos C. Varela finalmente absolvido após revogaçom de condena de 7 anos

O Tribuntal Supremo espanhol resolveu absolver Carlos Calvo Varela, anulando a condena por "posse de explosivos". A condena a 7 anos foi imposta pola Audiência Nacional espanhola no passado mês de abril de 2015, o que supujo, segundo a resoluçom atual, umha reiteraçom do julgamento já anterior dos mesmos factos em dezembro de 2014. Na altura, o mesmo tribunal tinha-o condenado a 7 anos de prisom (reduzindo os 12 iniciais) por alegada "colaboraçom com bando armado", em relaçom com a tal posse de explosivos. Os factos julgados remontam ao ano 2011 e a acusaçom dirigiu-se a Carlos Calvo por supostamente pretender entregar esses explosivos a "Resistência Galega", entrega que nunca se produziu. Así, o Tribunal Supremo "absolve Carlos Calvo ao lembrar que o 23 de decembro de 2014 o propio Supremo o condenou a 7 anos de cadea por colaboración con banda armada na súa modalidade de tenza de explosivos".

Outra morte baixo custodia no centro de exterminio de A Lama

*Unha reportaxe de **Xan do Can***

Todos os cárceres son centros de exterminio, mais o de A Lama vai en camiño de gañar o título estatal da prisión onde máis mortes se producen anualmente.

A responsabilidade legal na custodia dos presos é unha falacia que se manifesta nestes casos obscuros e que motiva que, como conta Esculca(Observatorio para a defensa das liberdades) , se investiguen as causas desta nova morte entanto seguemos ignorando que medidas terá tomado, se as tomou, a dirección do centro para evitar esta situación e o seu previsíbel desenlace:

ASCV faleceu o pasado día 19, aos 24 anos, na súa cela da prisión da Lama (Pontevedra). As autoridades investigan se se trata dun suicidio ou dunha morte por consumo de metadona adulterada. Persoas achegadas ao preso sosteñen que consumía a droga consciente do seu mal estado coa intención de acabar coa vida, pois levaba xa moitos meses «moi abatido e deprimido».

ASCV fora condenado a 15 anos como autor dun delito de asasinato e recén fora xulgado por un delito de tráfego de drogas en prisión polo que foi condenado a 5 anos máis de cárcere. «Eso lo abatió», segundo contou un seu achegado a un falsimedio.

Rescatadas tres mulleres orixanarias da India secuestradas nun convento de clausúra en Santiago de Compostela

Tirado de ***eldiario.es***

Un papel do xulgado di que ás 11:05 do 23 de xaneiro, Dian, Rhany e Kirei empezaron unha nova vida. Foi a esa hora cando as tres mulleres indias cruzaron o limiar do convento de clausura das Mercedarias (na foto) ao que chegaran a finais dos anos noventa, aínda sendo adolescentes, e no que permanecían retidas contra a súa vontade baixo enganos e ameazas. Unha denuncia chegada á Unidade contra as Redes de Inmigración Ilegal e Falsidades Documentais (UCRIF) aseguraba que cinco mulleres indias permanecían tras os muros do convento en contra da súa vontade e realizando traballos "en condicións de case escravitude".

Polo torno do convento, a comisión xudicial entregou a orde do xulgado ás 10.15 do sábado pasado. A titular do Xulgado de Instrución número 1 da capital galega concedía á nai superiora unha hora para que as cinco monxas saísen pola porta. Nin un minuto máis. A Policía Nacional acompañaba aos funcionarios.

O venres, a xuíza Ana López-Suevos incoara dilixencias previas ante os feitos postos no seu coñecemento pola Policía. A maxistrada aprecia indicios de delitos de detención ilegal, contra a integridade moral, ameazas e coaccións.

As mulleres eran ameazadas pola nai superiora con que serían deportadas en canto abandonasen o convento. A directora aseguráballes que a súa situación en España era irregular -unha mentira, xa que as mulleres hai anos que conseguiran o permiso de residencia- e que, ao regresar ao seu país, só sentirían o oprobio dunhas familias avergoñadas.

Se aínda así tentaban fuxirse, deberían arrebatar un dos dous xogos de chaves que abrían a única porta de saída ao mundo e que custodiaban dúas superioras. Unha vez en comisaría, dúas das monxas aseguraron que non queren abandonar o convento. Dian, Rhany e Kirei -nomes ficticios para protexer a súa identidade- atópanse xa en Madrid atendidas polos servizos sociais.

A liberdade para as tres monxas é unha historia de mulleres que axudan a mulleres. Comeza tres semanas antes, por centos de quilómetros de alí, nun chalé do acomodado barrio de Mirasierra, en Madrid. Alí fora a parar como interna Nyun, tamén nome ficticio. A muller que a contratou en febreiro de 2015 pronto se deu conta de que a súa nova empregada, nacida en India, descoñecía as cuestións máis básicas da vida doméstica. E preguntou. Nyum decidiuse a falar en novembro. O relato que escoitou a muller española falaba de miseria, proselitismo e crueldade.

Os pais de Nyum lograron que a súa filla sobrevivise a unha vida de calamidades ingresándoa nun convento de relixiosas aos seis anos. Aos 19, unha amiga propúxolle viaxar a España para entrar nunha congregación relixiosa e facerse monxa. Nyun soñaba con converterse en enfermeira e, cos hábitos, axudar a curar os males entre os que crecera. Pero cando chegou a España, non houbo estudos de enfermería, nin persoas ás que axudar. Só silencio e un traballo esgotador desde as 6 da mañá ata o anoitecer dentro dun cárcere de pedra. Así transcorreron 15 anos.

O 29 de decembro de 2015, ás 14.47, na caixa de correos trata@policia.es entrou unha mensaxe co asunto "Necesito axuda". Unha muller que se identificaba e deixaba un teléfono móbil escribía: "É un tema moi delicado xa que teñen a tres mulleres estranxeiras retidas contra a súa vontade desde hai moitos anos e non sei ben onde teño que acudir nin que podo facer ou con quen teño que falar. Espero que a través desta vía póidanme dar unha solución. Grazas, un saúdo".

Corenta e seis minutos despois, unha axente fala por primeira vez con Nyum por teléfono. Ela confírmalle o que a muller española adiantara no correo e ofrece máis detalles. Trátase do convento Madres Mercedarias, en Tránsito da Mercé número 1 de Santiago de Compostela.

"Non te marcharás de aquí mentres eu viva"

Na acta da súa declaración pódese ler: "Que cando levaba 13 anos no convento non aguantou máis e fixo verbal o seu desexo de deixar os votos eclesiásticos, pero a nai superiora, chamada María Luisa, manifestoulle que ela nunca se marcharía de alí mentres seguise viva, e que se tentaba deixar os votos meteríana nun avión e anularían os seus cartóns para que non puidese quedar en España".

Tantos anos en España serviran para que Nyun gozase da residencia. De feito, as Mercedarias deixaran que viaxase a visitar á súa nai enferma facía anos. Seica segura da súa ignorancia, a nai superiora permitiulle voar, convencida de que regresaría. No avión, Nyun coñeceu a outra muller, quen lle revelou a verdade: era libre e podía vivir en España sen necesidade de habitar no convento. Nyun regresou, pero nunca á clausura. Desde entón, só pensaba en sacar de alí ás súas amigas. Estas "hai anos" que queren colgar os hábitos.

A menor das mulleres rescatadas entrara no convento con 16 anos. "As súas amigas e ela eran ameazadas constantemente con ser unha vergoña para as súas familias se volvían, con quitarlles os seus cartóns de residencia e anulalas, e con obrigalas a volver ao seu país. Di que dúas mulleres que quixeron abandonar os votos, metéronas nun avión e obrigáronas a volver ao seu país", recolle o ateigado policial a partir da súa testemuña.


As Mercedarias facían que os funcionarios acudisen ao convento para renovar a documentación das mulleres, co que evitaban calquera tentación de que alertasen da súa situación nunha visita á comisaría. Cando os funcionarios achegábanse ao convento, a superiora María Luisa non os deixaba nin un segundo a soas coas monxas estranxeiras.

Dian ten 34 anos. Chegou con tan só 16 anos e o próximo 5 de febreiro cumprirá 18 da súa chegada ao convento de clausura. Cando chegou "estaba contenta", as nais tratábana ben, pero hai "meses" que lle dixo á nai superiora que se quería ir vivir cunhas curmás que ten en España. Imposible. Só sairía do convento cando chegase unha suposta "dispensa papal". E que nese caso, o seu único destino sería un avión de volta a India.

Kirei ten 35 anos. Acababa de cumprir 16 no retiro obrigado. Só puido visitar á súa familia en dúas ocasións. Hai un ano decidiu que quería irse, pero ata decembro non llo dixo á nai superiora. Temía ser deportada. Rhany tiña 22 anos cando chegou ao convento e agora ten 39. A súa nai é viúva e está enferma. Agora quere volver para axudala.

Outra muller, a xuíza López-Suevos aclara no seu auto que non entra a valorar "a cuestión relixiosa relativa ao acatamento voluntario das normas de clausura, nin a dureza destas, senón que de conformidade co previsto na Lei Orgánica de Liberdade Relixiosa, por unha banda, toda persoa ten dereito a cambiar ou abandonar a súa confesión relixiosa, e que a liberdade relixiosa e de culto teñen como único límite o dereito ao exercicio das liberdades públicas e os dereitos fundamentais".

As tres monxas liberadas declararon que antes de chegar a España non sabían o que era un convento de clausura porque no seu país as irmás son só de "comunidade activa". Ningunha quere denunciar á nai María Luisa. Kirei mesmo lle dixo á Policía que a superiora, de 79 anos, "é moi boa". Na súa nova vida, as tres mulleres non teñen que esconderse para falar entre elas. E xa ninguén lles prohibe mirarse aos ollos.



Denuncian ao SerGaS por non receitar medicamentos contra a Hepatite C

Infrorma ***Esculca*** *(observatorio para a defensa dos dereitos e as liberdades)*

A fiscalía ven de presentar unha denuncia contra o Servizo Galego de Saúde (Sergas) nos xulgados de Compostela polas restricións impostas pola Xunta aos fármacos receitados a enfermos de hepatite C. O ministerio público considera que hai responsabilidades penais na cúpula directiva de Sanidade por non ter facilitado os medicamentos a doentes que acabaron falecendo.

Polo menos tres, segundo o texto da demanda, terían morto pola negativa a administrarlles as medicinas. "Pero esta só é a pequenísima punta do iceberg", advirte Quique Costas, voceiro da Plataforma Galega de Persoas Afectadas pola Hepatite C, colectivo que organizou e liderou as mobilizacións que durante meses pedían unha solución a unha problemática que causou mortes, "sufrimento e angustia".

Foi un dos que levantou a voz no Parlamento após a negativa do PP a garantir os tratamentos e insiste en que "decisións políticas" do Goberno de Núñez Feijóo provocaron varias mortes en Galicia. "Non o digo eu nin a Plataforma, é o que di a fiscalía despois de nove meses de investigación e 200 folios nas dilixencias", aclara. Ademáis a semana pasada, probablemente na sexta-feira 8 de xaneiro, morreu na prisión de Teixeiro J.V.P., natural de A Coruña, por problemas hepáticos. O interno non recibira o tratamento para a hepatite C que padecía.



Consideracións actualizadas

*por **Gabriel Pombo da Silva***

*"Cada xeración, sen dúbida, crese destinada a reformular o mundo. A miña sabe, con todo, que non o fará. Pero a súa tarefa quizais sexa máis grande. Consiste en impedir que o mundo se desfaga. Herdará dunha historia corrompida, na que se mesturan revolucións fracasadas, as técnicas tolas, os deuses mortos e as ideoloxías extenuadas; cando poderes mediocres poden destruílo todo, pero xa non saben convencer; cando a intelixencia rebaixouse ata convertirse en criada do odio e da opresión, esta xeración tivo, en sí mesma e arredor de sí mesma, que restaurar, a partir das súas negacións, un pouco do que fai digno o vivir e o morrer." **A. Camus***

Compañeirxs;

Alguén pode crerse/imaxinarse (realmente) que a *"violencia máxima"* (é dicir, a que provén do Estado e as súas institucións) pode vencer, afogar, reprimir e/ou suprimir o desexo, o instinto, a vontade e as ideas/prácticas dunha vida libre e digna? Ademais, debo engadir que a liberdade sen dignidade non é susceptible de considerarse como tal.

Pois non! A violencia (en todas as súas formas e manifestacións) soamente enxendra violencia; existen moitas formas de violencia e a pior de todas é a que se exerce desde os poderes que se cren lexitimados (xa sexa polo Rey, o Estado, o Parlamento, as masas, o Dereito, as Relixións, etc.) por e con o apoio e labor implícitos e explícitos desta lexión asalariada de *"ilustradxs"*, *"técnicxs"* e *"funcionarixs"*, dotadxs e armadxs en e con todas as ramas e ciencias do saber para exercer o poder e o dominio dxs unxs sobre xs outrxs.

Lendo o texto de *Michel Foucault* (O Suxeito e o Poder. Por qué estudiar o poder: a cuestión do *"suxeito"*) retomo o fío onde escribe/reflexiona: (sic) Sen dúbida, parece máis sensato na hora de tomar como unha totalidade a racionalización da sociedade ou da cultura, e en lugar disto, analizar este proceso en distintos campos, cada un deles vencellado a unha experiencia fundamental: a tolemia, a enfermidade, a morte, o crime, a sexualidade. (...)

Creo que o termo *"racionalización"* é perigoso. O que debemos facer é analizar as racionalidades concretas, en lugar de invocar sempre o proceso da racionalización en xeral.

Quixera suxerir unha maneira distinta de iniciar a construción dunha nova economía das relacións de poder, unha maneira máis empírica, máis directamente relacionada coa nosa situación actual e que implica unha maior relación entre teoría e práctica. Consiste en tomar como punto de partida as formas de resistencia contra os distintos tipos de poder a través do antagonismo das estratexias.

Por exemplo, para descubrir que se entende na nosa sociedade por cordura, quizais debemos investigar o que ocurre no campo da tolemia.

E, para averiguar que entendemos por legalidade, investigar o que ocurre no campo da ilegalidade.

E, para entender en qué consisten as relacións de poder, quizais debamos investigar as formas de resistencia e os intentos de desintegrar estas relacións (...) Non basta con afirmar que estas son loitas antiautoritarias; debemos intentar definir con máis precisión o que teñen en común. (sic)

As palabras, as ideas e conceptos, as experiencias vividas e/ou acumuladas ao longo do noso transcurrir (e *"devir"*) son o noso máis preciado *"capital"*... Todo Poder treme ante a paixón e a experiencia postas ao servizo de un individuo frente á *"multitude"*. O individuo consciente de sí e do seu entorno *"poliédrico"* (con intencións sempre transgresoras) é máis que temida polxs que cren que os seres vivintes deben ser *"recursos"* de e para as súas políticas *"civilizadoras"*... cidadáns sistémicxs, parte orgánica e acrítica.

Así aconsellaría a todxs xs compañerixs que anden a todas as fontes (textos, autores, obras, etc.) que vou citando para que cada quen asimile e comprenda o que pretendo dicir/explicar neste escrito de *"consideracións varias"* que pretenden abarcar unha serie de cuestións (que nos afectan a todxs por igual) e que, persoalmente, veño reformulándome desde o meu *"regreso"* á Península Ibérica e tras máis de 30 anos encarcerado entre o Estado español e o alemán polas miñas conviccións anárquicas e loitas, tanto dentro como fóra dos muros e as súas fronteiras; un anarquista no entende de fronteiras.

É dificilísimo (polo menos para min) tentar abarcar neste texto toda unha serie de cuestións que poderían sintetizarse no que me concerne a min como persoa (négome a deixarme *"cosificar"*), o que me inquieta como activista anárquico e o que me afecta como secuestrado institucional.

Detesto ter que escribir sobre o cárcere cando as miñas inquedanzas e desexos están alén desta e dame nauseas falar sobre *"Dereitos"* cando non creo (nin lexitimo) este poder que só serve para disciplinar masivamente axs máis desfavorecidxs e refractarixs ao sistema na súa totalidade.

Non é necesario (polo menos a quen coñece o que ocorre aquí, dentro e fóra ou sexa na rúa e nos seus cárceres) que mencione a repugnancia que me causa constatar o panorama político-social-xurídico e penitenciario (e o seu doble raseiro na hora de aplicarse castigos e *"dereitos"* a uns/unhas e outrxs; xs de arriba e xs de abaixo) que vivimos, a arrogancia da *"casta"*, a servidume forzada e/ou voluntaria de *"xs de abaixo"*, o desprezo absoluto que se ten sobre valores fundamentais como Xustiza social, Dignidade, Liberdade que todxs din respectar e desexar (sobre todo a aquelxs que se reclaman *"paladíns"* destas *"cousas"* xa sexa dende o arco parlamentario como *"antiautoritario"*), pero que todxs o din de dentes para fora sen coraxe e convicción para loitar por eles...

A prisión é un fiel reflexo do mesmo que hai na rúa, só que na prisión (o sistema a microescala) non son necesarias as máscaras para explotar, torturar e exterminar xs menos *"favorecidxs"* do sistema e/ou xs que non renuncian a loitar contra este, xs que non están dispostxs a perder os seus principios e valores, xs máis radicais que van ás raíces dos problemas. E por suposto alimentase dxs máis pobres, xs máis marxinais; xs que non poden pagar os servizos desta ramera ao servicio del poder.

Aquí, falar de *"independencia"* do poder xudicial non soamente é ridículo e unha farsa senón que me ofende e enche de cólera. O mesmo me ocorre cando vexo-escoito a estas basuras (políticos-xornalistas) dicir que *"a Lei é igual para todxs"*: para todxs xs que a poidan pagar, ou sexa para todxs xs que roubanasasinan desde as esferas do poder ... ou dos poderes.

(...)

Ata non fai moitos anos a prisión no Estado español continuaba a ser un espazo máis de loita e aí están as testemuñas-libros-textos que así o confirman; agora é soamente un acto de resistencia pura e dura. A vida en *"comunidade"* (con todas as diferenzas ideolóxicas que puidésemos ter entre nós xs presxs) con individuos afíns permitía a *"alianza"* con outrxs presxs con conciencia



política ou valores morais, para levar a cabo proxectos de ruptura e confrontación co poder e o Status Quo do dominio.

A reapropiación absoluta deste espazo institucional cos cárceres modulares por parte dos carcereiros e a servidume voluntaria (ou interesada, con intereses baseados no egoísmo, a envexa, a incultura e o imposto) por parte desta *"nova xeración de presxs"* impide que exista unha *"liña divisoria"* entre un *"elxs"* e un *"nós"*, xs *"arruinadxs"*; a cuestión fundamental que sustentaba toda lóxica de confrontación entre dominadxs e dominadores. Para entender cómo sucedeu isto débese facer unha análise da composición pasada e actual das prisións, o sistema e a sociedade. Así como un estudo pormenorizado das novas técnicas e tecnoloxías de control social. Obviamente, para min o determinante é a morte do *"suxeito"* individual e colectivo potencialmente refractario que permitía que a superestructura non fose determinante (pese a súa brutalidade represiva e técnica) porque os valores de solidariedade-amizade (en menor ou maior medida) xunto cos intereses individuais como colectivos de presxs eran un feito decisivo.

Qué sucedeu?

Aquí permítome citar unha carta do preso político encarcerado en Estados Unidos, *Ray Luc Levasseur*, escrita en Febreiro de 1993: Non creo que haxa que engadir romanticismo aos presos e a súa loita, pero en que fase entramos cando os liberais de esquerda, incluído o grupo altamente sospeitoso dos «progresistas» non fan ningunha mención do cárcere? Escriben bastante acerca da policía (mellor devandito, non bastante, pero si máis que sobre os cárceres), e logo deixan que se murche na parra coma se a humanidade deixase de existir tras unha reseña ... Máis adiante cita: Nas súas publicacións, os esquerdistas adoitan referirse ao risco de cárcere debido ás súas actividades, pero gustaríame saber cantos deles seguirían activos se pensasen seriamente que as súas accións fosen comportar o risco de cárcere ou de danos físicos ... E continúa: A razón pola que había un nivel tan alto de consciencia política entre os presos nunha época anterior era porque reflectían o que pasaba nas rúas do país nunha época anterior, e ata certo punto internacionalmente ... Os presos son a miúdo o reflexo do que sucede na rúa (...) o nivel xeral de consciencia política entre os presos é baixo (...) esta é unha época de abandono case total dos presos. Se lle engadimos as condicións de supervivencia, téndese a crear un cinismo pouco saudable ... E acaba: En ningún lugar do mundo chócase tanto e tan descaradamente co poder da Lei e da forza bruta como nos cárceres.

Neste mesmo libro onde sae publicada a carta de *Luc* aparece un artigo titulado: *Lente distorsionada* (O filtro corporativo dos media respecto da xustiza e á delincuencia): Este papel recae en gran medida nos medios de comunicación, especialmente nas grandes cadeas de televisión, os semanarios de noticias e os xornais. Cos medios de comunicación de masas en propiedade dun número decrecente de conglomerados empresariais, as mensaxes que transmiten son cada vez máis uniformes, standards, e sustentadores do Status Quo? Cantas máis *«noticias»* consumes menos sabes? Os presos son vistos pola maioría da xente nos medios de comunicación, consciente ou inconscientemente, como bestas mudas e pasivas, como os servos de outrora, para falar deles, pero nunca con eles.

A min, xa me veñen aplicando a *«Lei Mordaza»* moito antes da súa aprobación Parlamentaria e condeando ao ostracismo político porque a miña participación por escrito en debates antiautoritarios facíalles cagarse nos pantalóns aos detentores do Poder (ou Poderes). Como a esgalla de outrxs, xa se me condenou a *«cadea perpetua»* sen declaralo oficialmente. Aquí, secuéstranme case sistemáticamente case toda a miña correspondencia (algunha carta si que me chega) a pesar de que mesmo estando en Réxime FIES suponse que teño *«dereito»* a recibir correspondencia ilimitada (iso si, só podo escribir dúas cartas semanais, que nunca teño garantías de que cheguen) e suponse que tamén revistas, xornais e libros. A min, non me permiten saír dos módulos onde me teñen (e dos cales me van rotando sistematicamente) por *«razóns de seguridade»*. En suma, levo 30 anos de prisión e non se cando sairei pois constantemente cámbianme as liquidacións de condea. Ademais acúsanme de pertencer a unha organización *«terrorista»* sen ser condeado nin xulgado por terrorismo. E quero que conste: isto non é unha queixa nin un queixume, tan só unha constatación da miña realidade.

E si, son anarquista e non me arrepinto de nada do que fixen, devandito e vivido; e xamais se me ocorrería pedir un indulto e/ou xustificarme ante poderes e institucións que me dan noxo. E como non son un oso amestrado tampouco me veredes dar entrevistas a xornalistas onde vender un discurso e unha pose para conmover a un público abúlico e convencelo ou seducilo con argumentos tranquilizadores, inocentistas e/ou victimistas. Sobre a prensa opino como *Ret Marut:* Prensa, é o teu nome, maldita mentireira! Prensa, é o nome da puta máis indecorosa. Se teño diñeiro, podo facer calquera cousa contigo. Porque non hai infamia no mundo para a que non poidas servir. Non hai crime, por máis grande que sexa, no que ti, prensa, non participases. O xornalista comunica a opinión de quen lle paga o salario coma se fose a súa opinión persoal. E entón este chulo dise *«opinión publica»*.

A «*máxima violencia*», a Institución totalitaria non lograron domesticarme tras máis de 30 anos de cárcere, non conseguiron arrincarme as miñas conviccións anárquicas e menos aínda xerarme a síndrome de Estocolmo, nin inxectarme o virus da servidume voluntaria. Como escribe *Etienne de la Boetie:* Sempre aparecen algúns, máis orgullosos e máis inspirados que outros, quen sente o peso do xugo e non poden evitar sacudirllo, quen xamais se deixan domesticar ante a submisión e quen, do mesmo xeito que Ulises, a quen ninguén nin nada detivo ata volver a casa, non poden deixar de pensar nos seus privilexios naturais e lembrar aos seus predecesores e o seu estado orixinal. Son estes os que, ao ter a mente despexada e o espírito clarividente, non se contentan, como o populacho, con ver a terra que pisan, sen mirar cara adiante nin cara atrás. Lembran tamén as cousas pasadas para xulgar as do porvir e ponderar as presentes. Son os que, ao ter de por si a mente ben estruturada, coidáronse de pulila mediante o estudo e o saber. Eses, aínda cando a Liberdade perdeuse irremediablemente, imaxinaríana, sentirían no seu espírito, ata gozarían dela e seguirían odiando a servidume, por máis e mellor que lla encubrise.

Aínda teño a capacidade de viaxar coa miña mente ao longo do tempo e imaxinarme ese mundo do que escribe e describe *Rediker* en *Canaglie dei tutto il Mondo* (A Época dourada da Piratería) complementado coa súa outra obra mestra, *The Many-Headed Hydra-Sailors, Slaves, Commoners, and the Hidden History of the Revolutionary Atlantic*, que nos complementa porque hoxe estamos como estamos e somos o que somos ... Se é ou non posible unha *Anarchia Selvaggia* como nola describe *Pierre Clastres* (sociedades sen Estado, sen división de tarefas, especializacións etc.) é o de menos. Pois, como escribiu o noso ilustre *Cervantes* en *Don Quixote*: A liberdade, Sancho, é un dos máis prezados dons que aos homes deron os ceos; con ela non poden igualarse os tesouros que encerra a terra nin o mar encobre: pola liberdade, así como pola honra, pódese e débese aventurar a vida; e, pola contra, o cautiverio é o maior mal que pode vir aos homes...

Saúde os homes e as mulleres libres do mundo. Saúde xs que levan un mundo novo nos seus corazóns como dixo o noso *Durruti*. Saúde a todxs xs antiautoritarixs, anarquistas e nihilistas do orbe enteiro!

Xamáis vencidxs!

Nunca arrepentidxs!!



Da caspa no medio libertario

Publicado orixinalmente na revista ***Argelaga****, 20-06-2015.*

"Saír do gueto" foi unha canción entoada con frecuencia nos medios libertarios, o cal, dada a situación confusa e aguachinada na que se desenvolven as loitas sociais, de por si marxinais, non significa máis que quen a canta se dispón a virar as costas á verdade das cousas en prol dunha sobredose de activismo. Encerrarse nun veganismo miope, un feminismo meramente gramatical, a lectura de Foucault ou o punk non é máis que un xeito inofensivo de adaptarse á triste realidade, pero non son mellores o voluntarismo cego ou a militancia orgánica. Iso non leva a ningunha parte; é pan para hoxe e fame para mañá. Son tempos de descomposición sen apenas mobilizacións, sen maiorías lúcidas e furiosas, e non queda outra que analizar ben o presente resaltando as contradicións susceptibles de ampliar as gretas do sistema e alentar a revolta. A crise segue o seu propio ritmo, lento e desesperante, aberto a todas as falsas ilusións, as únicas que por agora son capaces de agrupar maiorías. Pero pechar os ollos á experiencia pasada e apeitugar con flagrantes trangalladas co fin de ter compaña e gozar dun sucedáneo de acción non soluciona o problema, senón que o empeora. A sabedoría popular equivócase nese punto: non por ser moitos riremos máis.

Cremos sinceramente que a presenza de anarquistas refractarios nos movementos sociais contribúe á radicalización destes. Se ademais, se organizan en grupos de afinidade e se federan con maior ou menor formalidade, mellor que mellor. Continúan unha tradición histórica que foi frutífera. Os espazos autoxestionados, as cooperativas sen liberados nin asalariados e as asembleas de barrio son ferramentas de loita necesarias. Pero ai! Se Teruel existe, o anarquismo de dereitas tamén. Forzoso é recoñecer que os resultados das eleccións municipais do pasado 24 de maio devolveron a fe nas institucións a amplos sectores da poboación, máis desconfiados coa política durante o 15M. O anarquismo edificante deixou de estar de moda en determinados ambientes alternativos. Unha parte considerable de libertarios políticamente correctos quedou pouco menos que traumatizada ao ver que o seu medio natural, a clase media depauperada e informatizada, os estudantes e a burocracia veciñal emigraban a outros pantanos. A súa reacción non se fixo esperar: en multitude de reunións os envexosos do éxito alleo claman contra o "cortoplacismo"; os xenerais sen tropa reivindican un "anarquismo social e organizado" con "vocación de maiorías", e, finalmente, os máis orixinais, sinten voluptuosamente a necesidade de "unha grande iniciativa social" que nos leve a "conquistar xuntos unha verdadeira democracia". Tal é o caso dos autores do manifesto "Construír un pobo forte para posibilitar outro mundo", verdadeiro pastiche cidadanista que tivo a virtude de marabillar uns centenares de asinantes.

En canto a imaxinación e oficio, non se pode dicir que lles sobre aos redactores, pero, en fin, na época da modernidade líquida, o que importa é a pericia cos SMS e os whatsapps, non saber escribir frases de máis dunha liña. Xa co título aluden ao slogan "outro mundo é posible" dos antiglobis, pero recórdese que eles se referían a outra globalización, a outro capitalismo, non a un "modelo rupturista" co que "reconstruírnos como sociedade libre e soberana" a través dunha "democracia libertaria das persoas, non dos mercados". A análise da "transición" é tan simple como o "erase unha vez" dos contos de fadas: o máis afastado dun balance. "Democracia" é unha palabra que se repite ad nauseam, un claro guiño aos indignados do 15M, ben relacionada con "os nosos dereitos" e "a defensa das nosas liberdades e bens comúns" ante unha "elite que non nos representa". Que liberdades e que bens? Palabras como "burguesía", "proletariado", "conciencia de clase", "clase dominante", "explotación", "miseria", "revolución", "anarquía" ou "autoxestión" están completamente ausentes, o que é normal se temos en conta que o manifesto se dirixe á lumpenburguesía no seu mesmo idioma, parte da cal preferiu votar aos "compañeiros" que "están a optar pola vía institucional". Estamos ante un intento de fabricar unha "marca" anarquista grata ás clases medias, por iso a linguaxe usada foi expurgada de termos que lles resulten molestos e violentos. O anarquismo guay dos tempos líquidos non xorde como expresión teórica da loita de clases, a revolta urbana ou a defensa do territorio, senón como ideoloxía da confrontación pacífica "nas rúas e prazas" entre entes abstractos como "o pobo", "a sociedade" ou "a maioría" (o que os seus "compañeiros" políticos chaman "cidadanía") e a maligna "elite" ou "o 1% ". Cidadanismo a longo prazo, nada contraditorio co outro, pois soamente intenta "impulsar a independencia popular", ou sexa, ocupar o espazo que aquel abandonou ao marchar por senllas electorais.

Ben. Como xa falamos suficiente do guisado, falemos agora dos cociñeiros, pois non son precisamente o que se di virxes na escena libertaria. Os impulsores do manifesto de Apoio Mutuo son militantes de variada orixe, así como os que o subscribiron. Dalgunha forma Apoio Mutuo representa no estado español ao plataformismo, a corrente máis retrógrada do anarquismo, caracterizada ante todo polo fetichismo da organización, o santo grial do "programa" e o oportunismo sen límites da súa práctica. A pesar de arrogarse unha xenealoxía que arranca co mesmo Bakunin, este fenómeno de feira naceu en Chile hai quince anos sacando do faiado o tema do "partido anarquista", centralizado, xerarquizado e disciplinado, cun programa único. Un "comité executivo" encargábase de "espertar" ás masas dende fóra para que iluminasen formas de "poder popular", grazas a unha dirección "correcta" que non dubidaba en enfangarse con aventuras políticas. Esquerdismo de reminiscencias leninistas, que necesita altos niveis de sectarismo e alucinación para reinterpretar en clave burocrático-vangardista unha realidade moi afastada dos delirios autoritarios plataformiles. É pois un produto da desagregación cultural, política, económica e social do capitalismo, verdadeiramente hostil ao sono igualitario, contista e propio dos fragmentos de clase asociados á xestión que o sistema expulsa nas súas fuxidas cara adiante.

O plataformismo é a única corrente dentro do anarquismo que fala de "poder" e xustifica sen complexos a férrea necesidade dunha burocracia mediadora. A versión española é máis light e posmoderna tal como expresa o seu léxico borrollista, e o seu vangardismo está mellor disimulado nunha "rede de militantes" e unha flexible "folla de ruta". Igual que os seus mentores, Apoio Mutuo considera a desorganización como o peor dos males e aos espontaneístas como o grande inimigo. Ignorando calquera outra consideración, todos os males da terra son causados por falta de organización, e o que é peor, por falta dun "programa común" que impide "actuar conxuntamente". Hai que "rematar coa dispersión organizativa" e, grazas a unha enxeñosa separación entre obxectivos parciais e obxectivos finais, "desenvolver as estratexias e tácticas que se estimen oportunas", algo que se traducirá en prácticas reformistas e militantistas de tipo sindicaleiro, municipalista, asociacionista ou parainstitucional. Como é de rigor, Apoio Mutuo postula a necesidade dunha burocracia dirixente á que denomina "pobo organizado" que administre o "poder popular". Tivo bos mestres nos figuróns anarquistas que traizoaron a revolución durante a pasada guerra civil; por iso están pola rehabilitación da casta libertaria que renunciou a todo menos á vitoria das súas renuncias. Revisionismo historiográfico necesario para a mitificación dun pasado coas miserias a bo recaudo: o partido da verdade convertido en verdade de partido. O manifesto nos trasmite unha mensaxe clara: a socialdemocracia libertaria borrollista veu para quedarse e que se preparen os impresentables críticos do orgánico e os desorientados habitantes do gueto. Nada fóra da "organización", todo por ela! Abaixo o comunismo libertario! Viva a "democracia económica e política"!

Reseñas

Lançamento do livro "Maternidades subversivas", de María Llopis

Hoje, em nossa sociedade ocidental, a maternidade é parte de um contexto capitalista e patriarcal em que se desenvolve assexuada, medicalizada e biologizada. Por isso, cada vez mais são as pessoas que optam por gravidez, partos e crianças fora da norma e que, na ausência de modelos alternativos, tratam de criá-los questionando ideias predefinidas e comportamentos que muitas vezes se tornam mandatos. María Llopis se reuniu e conversou com essas novas mães, pais, MaPas, parteiras, lactivistas [lactantes]... que estão refletindo sobre o atual modelo de maternidade, mostrando as limitações e contradições do mesmo e, por sua vez, criando novos e liberadores paradigmas. Assim, este livro trata de visibilizar diferentes tipos de maternidades que foram se formando à luz de novas experiências e lutas, porque a maternidade é um tema de interesse geral e subvertê-la é uma maneira de mudar o mundo.

Título: Maternidades subversivas
Autora: María Llopis
Editorial: Txalaparta - txalaparta.eus
Preço: 17.00€

[Libro] "Cuando se señala la luna –a vueltas con el insurreccionalismo-"

Disnomia** para **Abordaxe

Recentemente lin o libro "Cuando se señala la luna: a vueltas con el insurreccionalismo", unha compilación de textos anónimos (asinada por "Hunos y otros") que aconsello encarecidamente para quen queira comprender aquelo que dentro do ámbito anarquista ibérico sobre todo (aínda que non só) foi chamado "insurreccionalismo", e que máis que unha tendencia particular ou unha corrente ideolóxica á que adherirse, representa un conxunto de tácticas, estratexias e enfoques da práctica revolucionaria orientados á intervención directa e inmediata no desenvolvemento da mesma a través do ataque frontal ás estructuras e valores do sistema, e o enfrontamento violento con quen o defende e sustenta.

Máis alá da auto-referencialidade mitómana coa que, ás veces, expresáronse certos discursos que poderíamos calificar como "insurreccionalistas", e máis alá tamén da falsa crítica, chea de falacias e descontextualizacións, que moitxs "listillxs" intelectuais quixeron formular contra estes métodos, tildándoos de "aventuristas", "antisociais", "ególatras" ou "individualistas" e alegando que non servían para "chegar á xente" (un obxectivo quimérico que moitxs semellan agardar cumprir con meras palestras onde recrearse na súa xa mohosa nostalxia guerracivilista), o libro que aquí vos reseño formula un obxectivo doble:

Por unha banda, romper coa mitoloxía "insu" e todo o folclóre espectacular que a rodea, e que sen dúbida nubla o horizonte das loitas con espexismos de falsas vitorias e resultados esaxeradamente bos que, a maioría das veces, só existen nas mentes de quen xa desde dentro do "gueto" anárquico, len ou escoitan a nova do ataque.

Por outra, poñer fin ás sempiternas críticas dun segmento da militancia anarquista (e tamén da cátedra intelectual, a cuxa metástase xs anarquistas non somos inmunes) cara este tipo de prácticas e ao arsenal de reflexións, análises e perspectivas que as sosteñen. Rebatindo (ou polo menos tratando de rebatir, aportando argumentos sinceros e sen falacias mal escritas) as falsas críticas de persoas como Amorós ou de colectivos como Proletarios Internacionalistas (cuxo libro "Crítica de la ideología insurreccionalista" recomendo a calquera que queira saber como NON se debe criticar a perspectiva insurreccional, ou o que NON é o "insurreccionalismo"), o contido de "Cuando se señala la luna" apunta tanto a aquelxs que mitifican e idealizan "o insu" de xeito irresponsable e políticamente inmaduro, coma se actos como causar disturbios e queimar bancos e oficinas gubernamentais fosen a traer a anarquía por sí sós, como (e sobre todo) a quen malinterpreta (se cadra accidentalmente... se cadra) por completo eses postulados levantaron a súa crítica desarmada para tentar desacreditar cunhas formas nada honestas a compañeirxs que puxeron todo en xogo e decidiron tragarse o medo para contribuír con lume, martelos, pedras, pólvora e determinación á consecución de loitas concretas, ou da propia guerra social na súa totalidade.

Unha lectura interesante e aconsellada para aquelxs que a estas alturas manteñen a súa pequena (e patética) cruzadiña persoal contra os grupos e individualidades definidos como "insurreccionalistas", poñéndoos a caldo desde a seguridade dos seus blogs, perfís en redes sociais ou desde o anonimato dos seus textos, pero tamén para xs que, malinterpretando tamén de xeito non menos ridículo a teoría insurreccional, quixeron convertir unha proposta que fai parte dun conxunto de prácticas e vías de acción moitísimo máis amplo nun mito, en algo que abandeirar ou que convertir nunha nova estética ou nun novo artigo do vulgar mercadillo das ideoloxías.

Ademáis, o libro compila análises de casos onde algunhas compas contribuíron desde estes medios a loitas sociais concretas, como a loita contra a construcción dunha macrocárcere en Bruselas, contra a maquinaria de deportación e represión ás persoas migrantes en París ou en Lecce, contra os desafiuzamentos en Turín ou contra o desaloxo do CSO Banc Expropiat en Barcelona, onde a práctica da sabotaxe, por exemplo, atribuída sempre axs "insus" xogou un papel crucial.

O libro pódese atopar en locais, bibliotecas e espazos libertarios pero se non o atopades pódense solicitar copias a hunosyotros@riseup.net

Custa 5 € e os beneficios van destinados á solidariedade con compañeirxs presxs.

A columna


Nenhumas ilusões

Não tenho quaisquer ilusões. As palavras são ou não compreensíveis de acordo com a sua situação real. Só lhes damos espaço e credibilidade se encaixarem nos nossos padrões e certezas. Os mecanismos de defesa tornam-se automáticos e impedem a própria recepção da mensagem. Se assim não fosse os iluministas teriam definitivamente mudado o mundo, há 200 anos.

Isso acontece, por exemplo, quando alguém diz que se uma organização específica requer meios deve-se ir no seu encalço para os obter: xs surdxs que não querem ouvir, imediatamente traduzem isto para a sua linguagem: financiamento oculto, presença de serviços secretos estrangeiros, gangs de ladrões e assaltantes de rua, farra e champagne. Se se diz que há necessidade de um mínimo de auto-disciplina e que não se pode certamente deixar tudo à improvisação, a mesma pessoa surda imediatamente traduz para: ascetismo jacobino, rigidez autoritária, desvalorização da vida humana, falta de fundamentação ética, instrumentalização dos outrxs, desumanização. Se se disser que a eliminação física do inimigo de classe também é correcta do ponto de vista revolucionário, essx surdx imediatamente traduz para: loucura sanguinária, endossando o comportamento de um tribunal militar, praticamente aplicando a pena de morte, ausência de princípios éticos, incompreensão de funcionário.

Sem ilusões, por conseguinte, de que estas palavras possam alterar a surdez daquelxs que não querem ouvir.

***Alfredo M.Bonanno** en `As coisas bem feitas e as coisas feitas pela metade' de «Luta Revolucionária e Insurreição».*



abordaxe.wordpress.com
abordaxe@bastardi.net